

A socialización é o proceso mediante o que os seres humanos aprendemos a distinguir o aceptable do inaceptable no comportamento social. Isto implica a aceptación das normas e a adquisición das habilidades necesarias para unha adecuada inserción social.

Dende o inicio da nosa vida a nosa conduta vese influenciada pola relación cos demais.


Como sabemos, o tipo, calidade e cantidade de interaccións con iguais varía en función das idades.

Na relación con iguais, pequenos e pequenas aprenden a sentirse independentes e poden poñer en práctica as súas habilidades, á vez que este contacto con outros nenos e nenas lle permite recibir una imaxe de sí distinta da que lle ofrecémo-los adultos.



## Libros que poden ser de interese

- Méndez, F.X. (2010) Como dar alas a los hijos para que vuelen solos. Madrid: Pirámide.
- Chachamu, M. (2012) Como calmar al niño desafiante. Barcelona: Médici.
- Álvarez, M<sup>a</sup> P. (2010) Enseñando a expresar la ira. Madrid: Pirámide.



Como en anteriores ocasións, se precisan algún tipo de aclaración ou afondar nalgún aspecto, estamos á súa disposición.

## Favorecemos habilidades de socialización



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
Decembro 2013

CEIP AGRO DO MUÍÑO  
ORTOÑO-AMES-A CORUÑA

## Que podemos facer?

Aquí, faremos alusión a suxestións de carácter xeral. Propoñemos levar a cabo algunhas actuacións moi sinxelas, parte das cales seguramente xa empregarán.

En primeiro lugar, debemos lembrar que aprendemos, incluídas as habilidades que nos son útiles na relación con outras persoas, mediante:

- Instrucións directas sobre as formas de actuar adecuadas (“Saúdamos ...”, “Dámo-las grazas”, “Está moi ben o que fixeches”, etc.) e coa practica desas condutas.
- Imitación, observando como actúan fundamentalmente as persoas que teñen máis influencia.
- O reforzo das condutas adecuadas. A atención é un dos reforzos máis potentes.
- Información acerca de determinada conduta: que fixo ben e o que lle queda por facer ben.

Polo anterior, é importante que os adultos:

- Fagamos de modelos co exemplo na vida diaria á hora de empregar condutas como o saúdo, agradecementos, etc.
- Reforcemos con atención as condutas consideradas máis adecuadas socialmente ou que facilitan unha interacción máis proveitosa.
- Fomentemos a autonomía que propicie unha maior independencia en determinadas situacións de interacción social.
- Evitemos a crítica que descualifica a inhabilidade social con expresións do tipo de “Sempre fas ...”, “Es ...”, “Nunca ...”
- Non etiquetemos cando non resolvan apropiadamente “É que é tímida”, etc. Pode que de tanto escoitalo acabe crendo.
- Axusta-lo nivel de esixencia. Se lle custa moito relacionarse, ir pouco a pouco na práctica de formas de facelo. Podemos empezar por practicar na casa a modo de xogo, con bonecos, etc., dándolle axudas se non ve como actuar.
- Establecer normas e límites porque axudan a dar seguridade na medida en que lles facilita saber o que se espera deles.



Para rematar, calquera actividade que esixa interactuar con coetáneos, como pode ser xogar nun parque, na praza ou na rúa, é un magnífico recurso para poñer en práctica habilidades relacionadas coa socialización, como son:

- A interiorización e aprendizaxe de normas.
- O desenvolvemento motriz, que favorece a independencia.
- O desenvolvemento da linguaxe porque se estimula a motivación para comprender e facerse comprender.
- A comunicación en base ó xogo, de forma menos dirixida como si é máis frecuente na escola.
- Facer cumpridos, peticións, etc.

Con todo, non debemos esquecer que cada neno e nena ten o seu ritmo no desenvolvemento das habilidades das que falamos e que as súas necesidades son distintas. Seguramente poidamos apoialos no seu crecemento no ámbito social, pero dificilmente poidamos conseguir cambios rápidos e drásticos na súa forma de relacionarse.

